

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Ordenanzas e Regulamentos**

###### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA COMPOSTAXE LOCAL PARA OS BIORRESIDUOS MUNICIPAIS DO PLAN REVITALIZA*

###### *ANUNCIO*

###### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA COMPOSTAXE LOCAL PARA OS BIORRESIDUOS MUNICIPAIS DO PLAN REVITALIZA*

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario polo que se aprobaba inicialmente a Ordenanza Reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do Plan Revitaliza, adoptado na sesión celebrada o 26 de outubro de 2018 (acordo nº 9.7191), cuxo texto íntegro se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

###### **“Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do Plan Revitaliza**

###### *PREÁMBULO*

A Deputación de Pontevedra impulsa un Plan de residuos municipais baseado na compostaxe, denominado Plan Revitaliza.

Unha das súas razóns de ser é tentar cumprir, e incluso superar, os obxectivos fixados na normativa europea, estatal e autonómica en canto a porcentaxes de residuos municipais previstos, reutilizados ou reciclados, dentro do obxectivo xeral dunha eficiente utilización dos recursos.

En relación aos biorresiduos, este obxectivo mínimo vén fixado na última actualización de 2016 do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (en adiante PXRUG) no 50 % para o horizonte 2020.

Ademais, resulta inminente o aumento das esixencias destes obxectivos en anos vindeiros, pois xa está aprobada na UE a obriga de compostar na orixe ou recoller separadamente todos os biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023; e a modificación en tramitación da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, pretende adiantar esta obriga ao 31 de decembro de 2020 para os concellos de máis de 5.000 habitantes.



Iniciado no derradeiro terzo do 2015, o Plan Revitaliza conta xa con 36 concellos adheridos e cun longo treito andado o que aconsella dotalo dunha ordenanza reguladora na que se recollan as normas que rexerán o seu funcionamento, ata o momento moi disperso en textos con outros fins (convocatorias de adhesión, convocatorias de axudas, pregos de contratación etc.).

Trátase pois de aglutinar a experiencia acumulada e xuntar os textos existentes nun instrumento normativo axeitado. Así mesmo, con esta Ordenanza preténdese completar e sistematizar as normas de funcionamento do Plan Revitaliza e consolidar as obrigas e dereitos que asisten as institucións implicadas (Deputación e concellos), sen mais modificacións posteriores que as que legalmente se poidan impoñer nun futuro.

Pártese de que a regulación debe ser a mínima imprescindible, circunscribíndose aos aspectos do Plan Revitaliza para os que resulte necesaria, non só mantendo o máximo respecto pola autonomía municipal senón incentivándoa ata o punto de deixar na man dos concellos toda a normativa reguladora dos residuos municipais ao través das súas ordenanzas.

O alcance desta Ordenanza Revitaliza limitarase ao estritamente necesario, isto é: aos aspectos xenéricos da participación dos concellos e da Deputación no Plan Revitaliza e aos detalles da compostaxe local como proceso; ambos dificilmente abordables no caso de normativas municipais dispersas.

No Plan Revitaliza téntase aplicar ao máximo posible os principios fixados polo paquete legislativo derivado da Directiva marco de residuos UE, é dicir: Lei 22/2011 de residuos, Plan estatal de prevención de residuos, PEAR, PXRUG etc., incorporando tamén o posterior Paquete sobre economía circular.

Estes principios son: fomento da economía circular, autosuficiencia, proximidade (quilómetro cero), responsabilidade ampliada do produtor, xerarquía de residuos e redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).

Nos casos nos que estes principios estean xa recollidos nas normas existentes, de xeito que sexan aplicables aos residuos municipais en xeral e en particular á compostaxe local, quedarían directamente incorporados nesta Ordenanza aínda que non sexan traspostos integramente por simple economía de redacción.

Cando precisen dunha ampliación ou adaptación, ou sexa, nos casos nos que se vaia máis alá do ámbito de aplicación directa da normativa, por omisión ou carencia de detalle desta, rexerá o disposto nesta Ordenanza.

Existindo unha xa relativamente ampla gama de textos normativos de diverso rango sobre os residuos municipais, inspirada nos principios antes descritos (Directiva marco de residuos UE, Lei 22/2011, PEAR, PXRUG, ordenanzas municipais etc.), os aspectos mais novidosos desta Ordenanza centraranse na redacción concreta e operativa dos principios de “quilómetro cero”, é dicir, no tratamento na orixe das fraccións dos refugallos susceptibles disto, dos que tan só os chamados biorresiduos (orgánicos biodegradables) se axustarían adecuadamente.



Acontece ademais que esta fracción representa máis da metade do total, en masa, dos residuos municipais.

A maiores do anterior, nesta Ordenanza Revitaliza propónse a incorporación dos produtores de residuos municipais á responsabilidade ampliada do produtor (nun sentido amplo e cando resulte posible).

Curiosamente, para ambos os aspectos (reciclaxe na orixe por compostaxe local e responsabilidade ampliada do produtor), tanto a Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, no seu Texto consolidado (última modificación, de 12 de maio de 2016), como a restante normativa e plans diversos, (Paquete de economía circular UE de 2015, modificada en abril de 2018, Directiva marco de residuos de 2008; modificada en maio de 2018 etc.) e algunhas propostas de normativas específicas avanzadas nalgúns países como Francia e comunidades autónomas (Comunidade Valenciana, Euskadi) propoñen xa un claro impulso e fomento, pero sen chegar nunca a regularlos co suficiente detalle. No Anexo I faise un estudo pormenorizado dos contidos salientables de:

- A Directiva marco de residuos UE (de 18 de novembro 2008 e das modificacións de 30 de maio de 2018)
- A Lei 22/2011, de 28 de xullo, e das propostas de modificacións dos artigos 22 e 24 en seguimento das modificacións da Directiva marco de residuos UE (de 30 de maio de 2018)
- A Resolución do Goberno vasco (de 6 de xuño de 2018) para o proxecto de Orde que establece o réxime xurídico e as condicións técnicas da compostaxe comunitaria"
- A JORF núm. 0095, de 24 de abril de 2018, texto núm. 17. NOR: AGRG1809743A.
- O Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG)

Polo seu interese específico centrarémonos moi en particular no texto do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG, ver o Anexo 1), pois este é o instrumento normativo de aplicación mais directa e inmediata para as actividades en residuos, tanto da Deputación coma dos concellos.

De feito, para a organización desta Ordenanza Revitaliza tómanse directamente do propio texto do PXRUG varias ideas clave como as que (non exhaustivamente) se amosan a continuación:

1.—Que tanto as tradicionalmente chamadas “compostaxe individual” e “compostaxe comunitaria” entrarían dentro da chamada “autocompostaxe” (Nota: este termo foi substituído nesta ordenanza polo de “compostaxe local”, máis axustado á realidade e que conta cun moi xeneralizado consenso hoxe en día).

2.—Que, en maior ou menor medida, todas as variantes da autocompostaxe entrarían dentro da prevención na xerarquía de residuos.

3.—Que a autocompostaxe fomenta a economía circular.



4.—Que a autocompostaxe resulta válida e aplicable tanto para zonas rurais como urbanas, aínda que con diferentes capacidades de penetración.

5.—Que a promoción da autocompostaxe debe levar asociadas subvencións.

6.—Que a autocompostaxe debería estar sempre tutelada pola Administración local.

Constátase así que, cunha maior ou menor fortuna, os principios normativos sobre a autocompostaxe (agora compostaxe local) estarían xa en vigor desde 2011 (ano de publicación do PXRUG). Pero tamén que, como consecuencia da inercia dos conceptos anteriores á Directiva marco e o paquete normativo derivado dela, aínda carecemos dunha revisión en profundidade da terminoloxía e dos conceptos adecuados.

Resultado do anterior é que a situación carece da mínima coherencia, resulta escasamente funcional e presenta unha total ausencia dunha sistemática de actuación que se axeite á nova realidade.

Unha moi salientable constatación na práctica do Plan Revitaliza é que o carácter menor, complementario e de moi reducida escala de actuación, que tradicionalmente se asocia coa autocompostaxe (agora, compostaxe local) mudou severamente na actualidade, superando amplamente ese reduccionista ámbito de actuación circunscrito a domicilios e a baixas capacidades de tratamento; na actualidade que todos os produtores de biorresiduos, sexan estas persoas físicas ou xurídicas ou o fagan de xeito individual ou colectivo, serán corresponsables de todas as fases da compostaxe incluído o seu destino final.

En clara consonancia coa literalidade do PEMAR e do PXRUG adquirense así unhas obrigas que van moito máis alá da simple selección na orixe dos biorresiduos e o achegamento destes a un punto predeterminado.

Pero nin na literatura nin na normativa deron, cando menos de xeito completo, os pasos consecuentes con este cambio normativo e conceptual, o que provocou que aínda non se superasen as reduccionistas e erradas ideas para a clasificación interna da autocompostaxe (agora, compostaxe local) ata o de agora reducida ás historicamente denominadas “individual” e “comunitaria”.

Moi sinteticamente, estas ideas clasificadoras foron dúas:

- Unha baseada na capacidade e/ou tipos dos composteiros empregados: asociando “compostaxe local individual” co feito de ser de pequena capacidade e feita en composteiros cun único espazo e dinámico en fluxo vertical; e “compostaxe local comunitaria” cunha maior capacidade e levada a cabo en composteiros de espazos múltiples, individualmente dinámicos e dotados dun fluxo conxunto horizontal (modulares).
- Outra baseada na tipoloxía das e dos achegadores dos biorresiduos: asociando “compostaxe local individual” coa figura física de produtor único e “Compostaxe local comunitaria” coa figura física de produtor múltiple.



Mais na realidade estase constatando reiteradamente a existencia dunha moi variada e ampla gama de modos de compostaxe local dificilmente reducibles ás citadas dúas convencionais clasificacións entre categorías. No Anexo II ilústrase o novo escenario por medio dunha serie de exemplos prácticos.

Despréndese dos exemplos expostos (véxase Anexo II) que esta nova concepción/argumentación clasificatoria na liña “restrinxida/aberta” (antes individual/comunitaria) céntrase no concepto da “accesibilidade” aos composteiros, resultando “restrinxida” sempre que esa “accesibilidade” estea dalgún xeito limitada (sexa por estar un espazo privado, acoutado e pechado, sexa por que o propio composteiro ten en si mesmo limitacións para o acceso ao seu interior etc.) e resultando “aberta” sempre que a súa “accesibilidade” non estea limitada dalgún xeito definido e concreto.

Queda así en evidencia a necesidade de crear un marco taxonómico e terminolóxico diferente, que permita clasificar os tipos de compostaxe razoablemente ben e en calquera circunstancia. Para avanzar nese sentido, utilizaranse nesta Ordenanza Revitaliza as seguintes indicacións e subsecuentes principios de cualificación:

- En referencia ás e aos achegadores dos biorresiduos, consideraranse tanto figuras físicas como figuras xurídicas.
- Para o efecto do que aquí estamos a tratar, en xeral consideraranse figuras físicas as persoas.
- Para o efecto do que aquí estamos a tratar, como exemplos ilustrativos e non exhaustivos, consideraranse como figuras xurídicas as que seguen (e os seus similares ou asimilables): restaurantes, hoteis, colexios, cociñas/comedores universitarios, familias, asociacións de veciños e/ou comunidades de propietarios de urbanizacións (sempre que estean constituídas como tales), asociacións, círculos, liceos, clubs etc. (recreativas, culturais, deportivas, etc. e sempre que estean constituídas como tales) etc.
- Para os efectos do achegamento de biorresiduos na compostaxe local, dun xeito xeneralizado, consideraranse “achegadores” tanto as figuras físicas como as figuras xurídicas antes indicadas (non exhaustivamente).
- Na compostaxe local o elemento determinante para decidir se este é de tipo “restrinxido” ou de tipo “aberto” será sempre que o achegamento dos biorresiduos aos composteiros sexa “restrinxido” ou “aberto”. Sempre que a achega sexa “restrinxida” a compostaxe será de tipo “restrinxido”; sempre que a achega sexa “aberta” a compostaxe será de tipo “aberto”, independentemente de que sexa un único ou de que sexan varios as ou os “achegadores” dos biorresiduos, ou de que sexan grandes ou pequenos etc.
- Sempre que os elementos de compostaxe (composteiros) estean instalados en espazos privados, pechados e con restrición de acceso, consideraranse que o achegamento dos biorresiduos é “restrinxido” e polo tanto a compostaxe local resulta de tipo “restrinxido”. Independentemente de se os propios composteiros dispoñen ou non de restricións físicas en si mesmos, ou se o espazo pechado pertence a unha persoa, familia, grupo de familias, grupos de propietarios, empresa, asociación, entidade, club etc.



- Sempre que os elementos de compostaxe (composteiros) estean instalados en espazos públicos sen ningunha restrición de acceso, considerarase que o achegamento dos biorresiduos é “aberto” e, polo tanto, a compostaxe local resulta de tipo “aberto”.
- Sempre que os elementos de compostaxe (composteiros) estean instalados en espazos públicos pero provistos dalgún tipo de restrición de acceso (sexa por restrinxir o acceso á zona dos composteiros, sexa por que os propios composteiros dispoñen de elementos restritivos en si mesmos), considerarase que o achegamento dos biorresiduos é “restrinxido” e polo tanto a compostaxe local resulta de tipo “restrinxido”.
- Toda compostaxe local de tipo “restrinxido” é prevención en sentido estrito (conforme os criterios de determinación antes indicados e con independencia das posibles variantes concretas).
- Toda compostaxe local de tipo “aberto” é prevención nun sentido amplo (conforme os criterios de determinación antes indicados e con independencia das posibles variantes concretas).

Todos os criterios anteriores están especificamente enfocados a determinar os diferentes tipos cualitativos na compostaxe local. Quedaría agora definir criterios de tipo cuantitativo enfocados a marcar os límites nas cantidades máximas de biorresiduos que poidan tratar. Estes límites cuantitativos referiranse tanto ao detalle individual (tamaño do propio elemento compostador) ou das súas agrupacións nun mesmo conxunto físico como ao conxunto global de todas as agrupacións.

O criterio cuantitativo esencial para este cálculo está directamente asociado ao carácter “local” que anima o Plan Revitaliza, carácter “local” que implica as seguintes vantaxes (non exhaustivas):

- De se axeitar á peculiar distribución demográfica da poboación da provincia.
- De eliminar, ou reducir significativamente, as necesidades de recollidas e transportes dos biorresiduos.
- De contribuír á aproximación aos grandes obxectivos-horizonte: proximidade (quilómetro cero), circularidade (zero waste), efectos globais (GEI) etc.

Como indicacións xerais para o cálculo destes límites inferior e superior para tamaños/capacidades:

- O tamaño “mínimo absoluto” determínase en base a parámetros técnico-operativos enfocados a garantir que se acade o réxime termófilo (aínda que sexa tan só puntual e esporadicamente), aspecto clave para garantir a eliminación de patóxenos.
- No tipo de composteiros aconsellados no Plan Revitaliza para ámbitos pequenos (módulo único de actuación dinámica vertical descendente) son precisos volumes mínimos duns 300-400 litros para acadar esas mínimas garantías, resultando así mesmo pouco operativos na práctica para volumes superiores aos 800-1.000 litros.
- A determinación do tamaño “máximo absoluto” vén marcada pola necesidade ou non de dispoñer de elementos de tipo electro-mecánico para poder abordar as operativas habituais na compostaxe.



- Co tipo de composteiros recomendados no Plan Revitaliza para ámbitos grandes (de tipo modular con módulos duns, aproximadamente 1.000 litros, que traballan en tres fases secuenciais a modo de fluxo horizontal) non son aconsellables (por non resultar operativamente práctico) agrupacións de mais de 10 módulos.
- Baixo o criterio fundamental “local/proximidade”, áreas de compostaxe local con mais de 30 módulos (por exemplo 3 CMH de 10 módulos) xa non resultan aconsellables.
- Traducido todo o anterior a números, os límites resultantes para as áreas de compostaxe local oscilarían entre mínimos dunhas 0’15-0’20 t/a ata máximos de ata as 130-150 t/a.

Por último, no relativo á trazabilidade dos parámetros relevantes na compostaxe local, dous son os aspectos a tomar en consideración:

1.—O primeiro refírese ao seguimento das cantidades de FORM/estruturante que se achegan ás cantidades de produto obtidas (compost)

2.—O segundo refírese ao seguimento dos valores dos parámetros de control intrínseco do proceso da compostaxe

O primeiro aspecto constitúe un elemento diferencial relevante na compostaxe local entre as de tipo “aberto” e as de tipo “restrinxido” segundo están definidas no Plan Revitaliza. Así, as de tipo “aberto” presentan unha certa dificultade no seu seguimento, mentres que este se pode facer moi doadamente nas de tipo “restrinxido”.

Non acontece así no caso do seguimento dos parámetros intrínsecos de proceso, que resultan igualmente doados de levar a cabo en ambas as variantes.

Estas constatacións, derivadas de situacións concretas na realidade dos traballos de campo no Plan Revitaliza, xunto coa procura dunha simplicidade na linguaxe e do aproveitamento da terminoloxía habitual (sen cambios demasiado traumáticos) constitúe un reto que requiriría dunha fonda reflexión e esforzo taxonómico para encaixar esas realidades existentes nas alternativas analizadas, tentando respectar toda a terminoloxía de uso común (pero non adaptada á nova normativa) e que darían como resultado unha proluxa clasificación, pouco manexable na práctica e de moi difícil adecuación ao novo marco normativo e de principios.

A compostaxe local no PXRUG (“autocompostaxe” na súa terminoloxía) goza da mais elevada consideración dentro da xerarquía de residuos –prevención–, condición que sae reforzada desta Ordenanza Revitaliza ao lle impoñer uns límites e condicións mais precisos e restritivos que os contemplados na normativa máis xeral. Isto resulta particularmente notable no referido á tutela, supervisión e control por parte das administracións locais.

A regulación establecida nesta Ordenanza Revitaliza pretende rematar coas indefinicións, baleiros normativos e contradicións existentes. Por exemplo, o artigo 24.b da Lei 22/2011, di expresamente que “as autoridades ambientais impulsarán a compostaxe individual (agora, restrinxida) e comunitaria (agora, aberta)”, tipos ambos de compostaxe que tanto o PEMAR como o PXRUG acertadamente acollen, neste último caso baixo a denominación unificada de “autocompostaxe” (agora, compostaxe local), ao tempo que se mantén unha evidente carencia normativa de cara a regular e concretar as condicións nas que estas se deben impulsar, desenvolver e controlar.



Este baleiro normativo, inevitable durante unha incipiente primeira fase, está a durar mais do razoable, máxime cando contamos con experiencias suficientes ao longo dos trinta últimos anos e cando a Directiva marco vai xa para dez anos. Foi un erro considerar implicitamente (como lamentabelmente se fixo) que non se precisaba duns mínimos coñecementos nin da aplicación duns elementais controis de proceso para poder levar adiante a “autocompostaxe” (agora, compostaxe local), producíndose experiencias francamente desafortunadas ou, no mellor dos casos, que funcionaron moi por debaixo do óptimo das súas posibilidades.

Pola contra, tal como se recolle nesta Ordenanza, o Plan Revitaliza baséase en sólidos coñecementos de proceso, emprega as mellores técnicas dispoñibles e impón un estruturado e esixente sistema de controis, tal como se reflicte nunha boa parte do seu articulado.

En resumo, esta Ordenanza Revitaliza é un instrumento que parte dos principios fixados na Directiva Marco e na Lei 22/2011, desenvolvéndoos e concretándoos nunha experiencia e realidade concreta, o Plan Revitaliza, incorporando as disposicións do Paquete sobre economía circular parcialmente recollidos no PEMAR, introducindo o concepto e a obriga de control do proceso en calquera circunstancia da autocompostaxe (agora, compostaxe local) e poñendo en práctica as liñas de actuación contempladas no PXRUG, particularmente as indicadas no punto 2.6 de prevención de residuos mediante a promoción e fomento da ata de agora chamada “autocompostaxe” (a partir de agora, compostaxe local).

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL

### Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta Ordenanza é regular o Plan Revitaliza da Deputación Provincial de Pontevedra nos seus aspectos máis xerais e organizativos referidos ás actuacións da Deputación e dos concellos adheridos, así como a compostaxe local, regulando os seguintes aspectos:

- Cualificación específica do persoal e cuantificación das súas necesidades para levar adiante os traballos precisados
- Instalación, mantemento e control da utilización dos espazos e instalacións nas que se execute o proceso
- Seguimento e control específicos do proceso da compostaxe
- Limitacións de uso e control de utilización do compost producido
- Instrumentos xurídicos e condicións de adhesión dos concellos, incluíndo dereitos e obrigas derivadas desa adhesión para os concellos e a Deputación

### Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza aplicarase nas actuacións da Deputación Provincial de Pontevedra e nas dos concellos adheridos ao Plan Revitaliza, así como sobre as persoas físicas e xurídicas participantes nelas dentro de calquera das modalidades da compostaxe local: as de tipo “restrinxido” e as de tipo “aberto”.





Esta Ordenanza Revitaliza circunscríbese exclusivamente aos campos de actuación da compostaxe local.

Aínda que faga referencia e tamén se acheguen algunhas indicacións ao respecto, o seu ámbito de aplicación non abrangue:

- As recollidas selectivas dos biorresiduos e o seu ulterior tratamento en planta.
- A xestión das restantes fraccións reciclables dos residuos municipais.
- A xestión da fracción “resto” remanente.

En caso de que os mencionados aspectos fosen incluídos nos seus respectivos articulados particulares, serían entón as futuras ordenanzas municipais dos diferentes concellos as de aplicación para as citadas actuacións. En caso contrario acudiríase sempre, por defecto, á normativa específica existente en vigor de rango superior.

### Artigo 3. Definicións e terminoloxía utilizada

Para os efectos desta Ordenanza entenderase por:

- *Achega*: acción de botar os residuos aos composteiros. Admite dúas variantes: achega aberta e achega restrinxida.
- *Achega aberta*: cando a acción de botar os residuos ao composteiro resulte totalmente libre, sen ningún tipo de limitación, restrición etc.
- *Achega restrinxida*: cando a acción de botar os residuos ao composteiro presenta algún tipo de limitación, sexa por limitación do acceso á zona na que está a área de compostaxe local, por limitación de acceso ao propio recinto, por limitación do acceso ao propio composteiro ou por limitacións específicas de apertura dos módulos de achega dos composteiros.
- *Análise Estabilidade/Madureza (ANEM)*: encamiñada a determinar a estabilización acadada pola materia orgánica remanente no compost tras dar por finalizado o proceso da compostaxe. No Plan Revitaliza aconséllase o uso preferente do método Rottegrade (autoquecemento).
- *Análise estándar (ANE)*: análise para determinar, desde parámetros de tipo xeral (pH, CE, sólidos totais e volátiles etc.), ata de tipo agronómico (macro e micronutrientes etc.).
- *Análise de metais Pesados (ANMP)*: análise para determinar os contidos presentes nos 7 metais contemplados na normativa en vigor, mais a detección ou non detección do Cr+VI.
- *Análise Seguridade Sanitaria (ANSS)*: análise para cuantificar presenzas ou determinar a presenza ou ausencia de, como mínimo, os dous patóxenos contemplados na normativa en vigor para a cualificación do compost: Salmonella e Escherichia coli.
- *Área de compostaxe local (ACL)*: conxunto de composteiros, bases soporte, punto de toma de auga, recipiente de recepción de estruturante, remexedores espirais, outras ferramentas varias, termómetros etc., cunha composición e nunha disposición dos elementos diferente segundo o tipo de centro.



- *Área de compostaxe local restrinxida (ACLR)*: todas as áreas de compostaxe local con achega restrinxida.
- *Área de compostaxe local aberta (ACLA)*: calquera área de compostaxe local con achega aberta.
- *Autosuficiencia e proximidade*: principios polos que se defende que os residuos deben ser inseridos nunha rede no que o ideal é que cada ámbito teña a máxima capacidade e conte coas mellores técnicas dispoñibles para evitar, no posible, o seu desprazamento. A súa versión óptima resúmese como política de “quilómetro cero”.
- *Biorresiduo*: residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta polo miúdo; así como, residuos biodegradables procedentes de plantas de procesado de alimentos. Referido aos seus códigos LER, incluíndo como mínimo os 200108, 200138, 200201 e 200302.
- *Bioestabilizado*: nome legal da materia orgánica estabilizada obtida tras o tratamento biolóxico aerobio e termófilo dos biorresiduos recollidos conxuntamente coas outras fraccións de residuos.
- *Capacidade dos composteiros de compostaxe local*: referida ao volume total útil existente para a compostaxe. Resulta moi variable, o que dota dunha gran versatilidade o sistema, indo desde un mínimo dun único CFV duns 300 litros => 0,3 m3, ata un máximo de tres CMH con 10 UMC de 1 m3 cada un => 30 m3.
- *Compostaxe local restrinxida Domiciliaria (CLRD)*: cando lle dá servizo a un só domicilio e está instalado dentro da propiedade privada dese domicilio.
- *Compost*: nome legal da materia orgánica estabilizada obtida tras o tratamento biolóxico aerobio e termófilo local dos biorresiduos, ou dos recollidos separadamente na orixe, útil como emenda orgánica e eventualmente como adubo.
- *Compostaxe*: proceso biolóxico aerobio e termófilo de descomposición controlada de toda materia orgánica de tipo biodegradable ata acadar un material estabilizado chamado compost.
- *Compostaxe local (substitúe o anterior termo de autocompostaxe)*: compostaxe de calquera tipo de biorresiduo municipal separado na orixe por calquera xerador e achegado directamente sen almacenamento temporal (contedores), nin recollida, nin transporte de ningún tipo e con destino prioritario do produto final aos propios achegadores. Contempla só dúas variantes: restrinxido e aberto.
- *Compostaxe local restrinxida*: toda compostaxe local de achega restrinxida.
- *Compostaxe local aberta*: toda compostaxe local de achega aberta.
- *Composteiro*: dispositivo no que se leva a cabo a compostaxe local en calquera das súas variantes, e dos que existe unha gran variedade de tipos, tecnoloxías e tamaños no mercado. No Plan Revitaliza, sen desbotar ningún outro tipo, considéranse especificamente dous tipos xenéricos: sinxelo de fluxo vertical e modular de fluxo horizontal.



- *Composteiro de fluxo vertical (CFV)*: dispositivos de cavidade única deseñados para introducir os biorresiduos pola parte superior e recoller o produto final pola inferior => fluxo vertical descendente. No Plan Revitaliza aconséllanse de actuación dinámica (remexidos entre capas), fronte á estática (por capas).
- *Composteiro modular horizontal (CMH)*: dispositivo de cavidade múltiple que permite asociar fases de proceso da compostaxe con trasfegas entre cavidades. No Plan Revitaliza aconséllase proceder operativamente en tres fases secuenciais: de achega/descomposición primaria, de descomposición secundaria/inicio maduración e de maduración. O conxunto das trasfegas entre cavidades permite assimilar o seu fluxo global cun proceso tipo fluxo pistón horizontal.
- *Delimitación das áreas de compostaxe local*: para os efectos de cómputo consideraranse como pertencentes a unha mesma área de compostaxe local todos os composteiros situados nun mesmo espazo, sempre que a distancia entre eles non supere os 20 metros.
- *Eliminación*: calquera operación que non sexa a valorización, incluso cando a operación teña como consecuencia secundaria o aproveitamento de sustancias ou enerxía.
- *Estruturante*: biorresiduos de orixe vexetal, preferentemente leñosos, para mesturar cos restantes tipos de biorresiduos co fin de prover do necesario macro-poro que garanta a auto-oxixenación e minimize os indeseixables procesos anaerobios. Operan tamén como reguladores da humidade pola vía secuestro-cesión da auga líquida presente ao longo do proceso. Eventualmente poden tamén contribuír a equilibrar a relación C/N da mestura en función dos seus contidos en carbono dispoñible.
- *Impropios*: residuos dunha fracción que son incorporados incorrectamente a outra e que normalmente se cuantifican en porcentaxe sobre a masa total. Reciben tamén o nome de “inadecuados”.
- *Lote*: o produto finalizado (compost) obtido en cada CMH (excluídas as de ámbito domiciliario).
- *Madureza do compost*: parámetro indicador do grado de estabilidade bioquímica da materia orgánica remanente no compost tras o proceso da compostaxe. Tómase como análise de referencia o test de Rottegrade (autoquecemento).
- *Partida*: conxunto de todos os lotes (de compost) obtidos na totalidade dos CMH de cada área local de compostaxe (excluídas as de ámbito domiciliario).
- *Preparación para a reutilización*: operación de valorización consistente na comprobación, limpeza ou reparación, mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que se convertesen en residuos se preparan para que poidan ser reutilizados sen ningunha outra transformación.
- *Prevenición (sentido estrito)*: conxunto de medidas adoptadas nas fases de concepción, deseño, produción, distribución, consumo e rexeitamento dunha substancia, material ou produto, encamiñadas a reducir:
  - A cantidade de residuo, incluso mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da súa vida útil



- Os impactos adversos sobre o medio e a saúde humana dos residuos xerados, incluíndo o aforro en materiais ou enerxía
- O contido de substancias nocivas en materiais e produtos
- *Prevención (sentido amplo):* o mesmo que o indicado para a prevención en sentido estrito, engadindo un punto mais no “Conxunto de medidas encamiñadas a reducir”:
  - A necesidade de que os residuos non perigosos teñan que verse sometidos a operacións de recollida, transporte e tratamento non local.
- *Reciclado de material:* toda operación de valorización mediante a cal os materiais de residuos son transformados de novo en produtos, materiais ou substancias, tanto se é coa finalidade orixinal coma con calquera outra. Incluiría a compostaxe dos biorresiduos, agás na variante de compostaxe local, que se considera prevención. Nin a valorización enerxética nin a transformación en materiais que se vaian a usar como combustibles ou para operacións de recheo se poden considerar reciclaxe material.
- *Recollida:* operación tras o amoreamento temporal (en contedores de rúa ou en variantes equivalentes) dos residuos, consistente na súa carga e transporte ata as instalacións ou lugares de valorización, tratamento ou vertedura.
- *Recollida separada na orixe:* cando os diferentes tipos de residuos se manteñen separados segundo o seu tipo e natureza para facilitar o seu posterior tratamento específico. Presenta habitualmente dúas variantes: “con amoreamento temporal na rúa” e “sen amoreamento temporal na rúa”, esta última tamén chamada “porta a porta”.
- *Residuo:* calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor rexeite e se desfaga del ou teña a obriga de desfacerse del.
- *Residuos municipais:* os xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas, incluíndose similares asimilables xerados en comercios, servizos e industrias. Tamén terán a consideración de residuos municipais os procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- *Residuos comerciais:* os xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos. Ao estar integrados na xestión dos residuos municipais considéranse unha parte destes.
- *Reutilización:* calquera operación mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que non sexan residuos se utilizan de novo coa mesma finalidade para a que foron concibidos.
- *Tamaño CFV:* volume útil (en litros) do seu espazo dispoñible. Non se aconsellan valores inferiores aos 300 litros a causa da dificultade para acadar a fase termófila, nin superiores aos 1.000 litros pola dificultade da súa operativa manual.
- *Tamaño CMH:* volume útil (en litros) do seu espazo total dispoñible. Por eficiencia operativa comprobada na práctica do Plan Revitaliza, aconséllanse agrupacións de 3 ou 6 e de 5 ou 10 UMC, asumindo en todos os casos tres fases de proceso.



- *Transporte*: operacións varias para levar os residuos ás súas instalacións ou lugares de valorización, tratamento ou vertedura. Poden ser de etapa única ou de varias etapas secuenciais, neste caso con instalacións de transferencia intermedias.
- *Tratamento*: as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación.
- *Trazabilidade*: capacidade de ter coñecemento das características, cantidades e orixe das materias primeiras, a secuencia e calidade dos pasos intermedios do proceso e as características, cantidades e destino dos produtos finais dunha substancia ou produto.
- *Unidade modular de compostaxe (UMC)*: denominación técnica das cavidades dos CMH. Habitualmente duns 1.000 litros de capacidade, con tapa practicable para a carga superior dos biorresiduos e acceso para as operativas precisas e paredes laterais removibles especialmente deseñadas para facilitar as operacións de trasfega e baleirado.
- *Valorización*: calquera operación cuxo resultado principal sexa que o residuo sirva a unha finalidade útil ao substituír a outros materiais que doutro modo se terían utilizado para cumprir unha función particular ou que o residuo sexa preparado para cumprir esa función na instalación ou na economía en xeral.
- *Xeradora de residuos*: calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial de residuos) ou calquera persoa que efectúe operacións de tratamento previo, de mestura ou de outro tipo, que ocasionen un cambio da natureza ou da composición deses residuos.
- *Xerador singular de biorresiduos*: persoa física ou xurídica que desenvolve calquera tipo de actividade integrada no sistema municipal de residuos e que potencialmente pode chegar a xerar unha cantidade importante de biorresiduos de xeito concentrado.
- *Xerarquía nos residuos*: prelación das diferentes solucións aceptadas para os residuos, conforme o seguinte orde: 1.º Prevención; 2.º Preparación para a reutilización; 3.º Reciclado de material; 4.º Outro tipo de valorización, incluída a valorización enerxética; 5.º Eliminación.
- *Xerarquía na prevención dos biorresiduos alimentares*: prelación de accións para evitar a xeración de biorresiduos de orixe alimentaria, conforme á seguinte orde: 1.º Axuste do binomio provisión-consumo de alimentos; 2.º Transformación doméstica noutras formas ou produtos dotados dunha maior conservación; 3.º Cesión dos excedentes en bo estado a bancos de alimentos, comedores sociais, etc.; 4.º Alimentación directa animal, sempre que sexa local e a escala doméstica; 5.º Preparación para alimentación animal a maior escala; 6.º Compostaxe local.
- *Xestión de residuos*: operacións desde a recollida ata o tratamento, pasando polo transporte dos residuos e incluída a vixilancia destas operacións.

#### Artigo 4. Normativa aplicable

##### Europea

- Directiva 1999/31/CE, relativa á vertedura de residuos



Mércores, 30 de xaneiro de 2019

Núm. 21

- Directiva 1994/62/CE, de envases e residuos de envases
- Directiva 1987/101/CEE, de xestión de aceites usados
- Directiva 2000/53/CE, de vehículos ao final da súa vida útil
- Directiva 2006/66/CE, de pilas e acumuladores
- Directiva 2008/98/CE, de residuos
- Directiva 2012/19/UE, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos
- Paquete de economía circular COM (2015) 614 final
- Directiva 2018/849/UE, pola que se modifican a Dir. 2000/53/CE, relativa aos vehículos ao final da súa vida; a Dir. 2006/66/CE, relativa ás pilas e acumuladores; a Dir. 2012/19/UE, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos
- Directiva 2018/850/UE, pola que se modifica a Dir. 1999/31/CE, relativa ao vertido de residuos
- Directiva 2018/851/UE, pola que se modifica a Dir. 2008/98/CE, sobre residuos
- Directiva 2018/852/UE, pola que se modifica a Dir. 94/62/CE, relativa aos envases e residuos de envases

#### *Estatutal*

- Lei 11/1997, de envases e residuos de envases
- R. d. 20/2017, de 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil
- R. d. 1619/2005, sobre xestión de pneumáticos fóra de uso
- Orde ARM/795/2011, que modifica o R. d. 679/2002, de xestión de aceites industriais usados
- Lei 26/2007, de responsabilidade medioambiental
- Lei 34/2007, de calidade do aire e protección da atmosfera
- R. d. 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición
- Lei 22/2011, de residuos e solos contaminados
- R. d. 710/2015, polo que se modifica o R. d. 106/2008, sobre pilas e acumuladores e a xestión dos seus residuos
- R. d. 110/2015, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos
- R. d. l. 1/2016, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de prevención e control integrado da contaminación
- Plan estatal de prevención de residuos 2014-2020
- Plan estatal marco de xestión de residuos (PEMAR) 2016-2022

#### *Autonómica*

- Decreto 174/2005, que regula o réxime xurídico da produción e a xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia
- Lei 10/2008, de residuos de Galicia



- Plan de xestión dos residuos de Galicia 2010-2020 (PXRUG)
- Actualización do PXRUGA 2010-2020 de xullo de 2014
- Actualización do PXRUGA 2010-2020 de decembro de 2016

## CAPÍTULO II. DESCRICIÓN DO PLAN REVITALIZA

### Artigo 5. Principios xerais

O Plan Revitaliza é un conxunto completo e coordinado de medidas e actuacións conducentes a acadar, para a maior parte posible dos residuos municipais, a materialización do principio de autosuficiencia e proximidade, así como conseguir as máis elevadas categorías da xerarquía de residuos, utilizando os mellores coñecementos e solucións técnicas existentes, aproveitando ao máximo os recursos, aplicando os principios da economía circular e tendo como finalidade a sustentabilidade ambiental, social e económica, ademais da redución de emisións de GEI.

O ámbito de actuación do Plan Revitaliza contempla todos os residuos clasificados como municipais pero dentro deles arrógase capacidade completa de actuación tan só para a fracción dos biorresiduos, que constitúe a súa fracción maioritaria (arredor do 52 % do total, contando cos restos de xardinaría, podas etc.) e, por seren estes aos que máis doadamente se lles poden aplicar os principios de autosuficiencia/proximidade, economía circular e corresponsabilidade da ou do produtor.

Esta Ordenanza Revitaliza aféctalle especificamente á compostaxe local dos biorresiduos, deixando para futuras ordenanzas municipais de cada concello (ou outra normativa específica) a regulación da recollida, tanto selectiva como mesturada, para o seu posterior tratamento.

Así mesmo tampouco será de aplicación na xestión dos outros tipos de residuos municipais, sen prexuízo de que a Deputación poida elaborar e aprobar posteriores Ordenanzas ou instrumentos similares para os concellos adheridos ao Plan Revitaliza.

### Artigo 6. Tipos de compostaxe local e o seu alcance

O Plan Revitaliza, en aplicación do principio de autosuficiencia e proximidade, do “quilómetro cero”, da corresponsabilidade do produtor e da redución de GEI, establece como prioritaria a compostaxe local e, cando esta non fose tecnicamente posible, a compostaxe en planta de todos os biorresiduos tras a súa recollida selectiva na orixe.

Na compostaxe local, e sempre tras a aplicación dos criterios por tipos de produtores que se deben atender, considéranse inicialmente preferibles os composteiros de achega restrinxida aos de achega aberta, pola súa mais doada trazabilidade. Os límites de tamaño establécense segundo os volumes estimados de xeración de biorresiduos e segundo a dispoñibilidade e características dos predios.



Os composteiros recomendados polo Plan Revitaliza son:

- Tipo 1a. Composteiros tipo fluxo vertical (CFV) descendente con fondo aberto: para exterior, xardín, finca etc.
- Tipo 1b. Composteiros tipo fluxo vertical (CFV) descendente con fondo pechado: para interior, terraza etc.
- Tipo 2. Composteiros tipo modular horizontal (CMH).

Ademais, existen toda outra serie deles como (dun xeito non exhaustivo) os seguintes:

- Minicompactos para cociña, normalmente con apoios mecánicos e/ou eléctricos e eventual consumo de starters, inóculos etc., sempre que cumpran co requisito básico na compostaxe de ser un proceso biooxidativo aerobio.
- Electromecánicos semiautomáticos de tipo cilíndrico rotatorio nas súas diversas variantes, sempre que cumpran co requisito básico na compostaxe de ser un proceso biooxidativo aerobio.
- Composteiros domiciliarios diversos, diferentes dos estándar aquí definidos, sempre que cumpran co requisito básico da compostaxe de ser un proceso biooxidativo aerobio.
- Vermicomposteiros nas súas diversas variantes, sempre que cumpran co requisito básico na compostaxe de ser un proceso biooxidativo aerobio.

#### *Artigo 7. A compostaxe local restrinxida (ou de achega restrinxida)*

É o tipo de compostaxe local no que a corresponsabilidade do produtor resulta máis elevada, pois asume en primeira persoa as funcións de achega dos biorresiduos e estruturante, colabora no funcionamento da compostaxe no seu conxunto (incluíndo no seu caso a propia formación e información por parte de persoal cualificado e baixo a súa supervisión) e no destino final do compost producido.

En contra da tradicional crenza de que consiste na utilización de composteiros de pequeno tamaño axeitados para os domicilios, no Plan Revitaliza a compostaxe local restrinxida enténdese como aquela realizada nun centro de compostaxe con acceso restrinxido, independentemente do volume de biorresiduos que vaia tratar, do número de produtores que acheguen e dos tipos de composteiros que se utilicen.

Ás áreas de compostaxe local restrinxida (ou de achega restrinxida) referirémonos en adiante como ACLR e os composteiros aconsellables son calquera dos tipos descritos no artigo 6.

#### *Artigo 8. A compostaxe local aberta (ou de achega aberta)*

Supón tamén corresponsabilidade dos produtores, pois terán que estar formados e informados, realizar as achegas dos biorresiduos nas condicións fixadas e encargarse dalgunhas tarefas de sostemento, ademais do destino do compost producido.





Ao igual que nos casos dos ACLR, esta tipoloxía non se define polo volume de residuos achegados nin o tipo de composteiros que se empregan, nin tan sequera se serán utilizados por unha pluralidade de persoas físicas ou xurídicas, senón unicamente por seren de achega aberta.

Ás áreas de compostaxe local aberta (ou de achega aberta) referirémonos en adiante como ACLA e os composteiros aconsellables son os de tipo 2 dos descritos no artigo 6, sendo eventualmente admisibles os do tipo 1a.

### *CAPÍTULO III. ADHESIÓN AO PLAN REVITALIZA*

#### *Artigo 9. Obxectivos da adhesión*

Unha vez posto en marcha o Plan Revitaliza a iniciativa da Deputación de Pontevedra e sempre en colaboración cos concellos para a súa organización, asentamento/estabilización, cálculo de necesidades e demais aspectos funcionais, faise necesario facer unha previsión o mais aproximada á definitiva nos seguintes temas:

- Determinar as necesidades de persoal, tanto das mestras e mestres composteiros coma das e dos técnicos superiores ou de calquera outro tipo
- Determinar as necesidades de formación de persoal
- Precisar as necesidades de triturado para acadar economías de escala
- Facer previsións de dotacións económicas
- Dimensionar o servizo correspondente na Deputación
- Elaborar os mecanismos de colaboración entre a Deputación e os concellos
- Darlle estabilidade á colaboración da Deputación cos concellos e determinar un marco de actuación definido e previsible

#### *Artigo 10. Opción elixida e forma de adhesión*

Para acadar a estabilidade e previsibilidade pretendida, entre os varios mecanismos e instrumentos existentes (consorcio, empresa pública...) escóllese a opción máis sinxela e con menos carga burocrática, consistente na adhesión voluntaria dos concellos ao Plan Revitaliza, cun corpo mínimo de obrigas ben delimitadas e definidas por parte da Deputación e dos concellos adheridos que permitan acadar os obxectivos fixados e determinar con precisión as necesidades futuras.

Forma de adhesión: por acordo do órgano competente da corporación municipal correspondente no formato que se incluírá como anexo nas convocatorias que se realicen.

A adhesión finalizará por decisión do órgano competente do concello ou polo incumprimento das obrigas ás que se comprometeu, mediante resolución motivada previa unha comunicación e o período de alegacións.



*Artigo 11. Obrigas da Deputación*

Por parte da Deputación e en relación aos concellos adheridos, os compromisos son os seguintes:

- Facilitarlle asesoramento técnico especializado aos concellos
- Dotarse de persoal propio que sirva para botar a andar o proxecto nos concellos e, unha vez que estes dispoñan de persoal propio, servir de apoio no asesoramento posterior
- Organizar cursos, conferencias, exposicións e outras accións formativas
- Elaborar material impreso e audiovisual de soporte e comunicación
- Poñer a disposición a maquinaria para cubrir as necesidades do triturado de restos vexetais na cantidade necesaria para as necesidades de estruturante nas primeiras fases do proceso e, cando estea a funcionar a pleno rendemento, colaborar para que este triturado teña a escala suficiente para minimizar custos
- Xestionar a captación de recursos externos, de ser o caso, para a mellora da financiación do proxecto
- Xestionar, ou colaborar na xestión dos concellos adheridos, o tratamento dos residuos orgánicos destes concellos, coa busca de plantas comarcais, entre outras opcións
- Impulsar accións de sensibilización nos centros educativos relacionados coa compostaxe en colaboración cos concellos
- Impulsar liñas de investigación sobre as características e beneficios do compost.

*Artigo 12. Obrigas dos concellos*

Pola súa parte, os concellos, tanto individualmente coma agrupados, comprometeranse a:

- Que dentro dos 4 anos contados desde a data de adhesión, como mínimo un 75 % do total dos seus biorresiduos sexan:
  - Ben non producidos (evitando o “desperdicio alimentario”)
  - Ben reutilizados ou reaproveitados (alimentación animal local)
  - Ben compostados, sexa “localmente” (sen necesidade de recollida), ou “non localmente” (con recollida)
- Que dentro dos 4 anos contados desde a data de adhesión, como mínimo un 50 % do total dos seus biorresiduos sexan compostados (local ou non localmente).
- Elaborar por medios propios, coa colaboración da Deputación, un Plan municipal de actuación en materia de biorresiduos, ou ben a solicitar que sexa a Deputación a que elabore. Nese plan municipal detallaranse as medidas a adoptar para acadar os obxectivos antes indicados.
- Os mencionados plans, sempre e cando as dispoñibilidades o permitan, deberán estar redactados e aprobados dentro dos dous primeiros anos contados a partir do acordo de adhesión. A Deputación daralles prioridade aos concellos que leven a cabo accións mais decididas para a consecución dos obxectivos.



- Proporcionar o persoal necesario para o funcionamento do Plan Revitaliza, directamente ou a través das convocatorias da Deputación. No caso de xestión contratada dos residuos pode substituírse por persoal da concesionaria debidamente formado.
- Adoptar as medidas contempladas no plan dentro dos prazos que se fixen.
- Facilitarlle todos os datos á Deputación para que esta proceda a un tratamento unificado da información.
- Permitir as inspeccións necesarias para o seguimento adecuado do proceso.

#### *CAPÍTULO IV. DO PERSOAL ADSCRITO AO PLAN REVITALIZA*

##### *Artigo 13. Persoal técnico cualificado e xestión na compostaxe local*

Todos os elementos de funcionamento do Plan Revitaliza deberán estar dirixidos e controlados por persoal coa cualificación axeitada a cada función desempeñada, sexa persoal propio da Deputación, dos concellos, das empresas de xestión do lixo ou das colaboracións do movemento asociativo (asociacións ecoloxistas, xuntas de montes, sindicatos agrarios, asociacións de veciños etc.). Todas aquelas actuacións e/ou procesos que carezan do persoal mínimo establecido quedan automaticamente excluídas do Plan Revitaliza.

##### *Artigo 14. Tipos de persoal técnico no Plan Revitaliza*

Sen prexuízo de posteriores posibles subdivisións dentro de cada categoría, existirán tres grandes categorías de persoal técnico adscrito ou colaborador do Plan Revitaliza: persoal base, mestras e mestres composteiros e técnicas e técnicos superiores.

##### *Artigo 15. Persoal base*

Considéranse tres tipos de persoal base:

- 1.—O procedente dos convenios subscritos cos colaboradores do movemento asociativo
- 2.—O procedente do voluntariado local
- 3.—O procedente das empresas concesionarias da xestión dos residuos municipais e/ou dos servizos municipais

No persoal procedente dos convenios subscritos cos colaboradores do movemento asociativo poderá delegarse a implantación, seguimento e control tan só na compostaxe local restrinxida domiciliaria (CLRD), conforme ao protocolo de traballo concreto e asinado previamente polas partes.

No persoal procedente do voluntariado local poderán delegarse as labores básicas de sostemento e control das áreas de compostaxe local aberta (ACLA) e das áreas de compostaxe local restrinxida (ACLR). Eventualmente, poderá colaborar na recollida de datos, control de procesos, divulgación do Plan Revitaliza e sensibilización sobre este.



No persoal procedente das empresas concesionarias delegaranse similares funcións que as delegadas no persoal procedente do voluntariado, pero neste caso vía protocolo escrito e firmado previamente entre a empresa e o concello.

En ningún dos tres casos se esixirá ningunha titulación, agás ter superado o curso de formación básico do Plan Revitaliza (10 horas) ou, subsidiariamente, tras a comprobación de estar en posesión dos coñecementos mínimos esixidos para o desenvolvemento das súas funcións.

#### *Artigo 16. Mestras e mestres composteiros*

Constitúen as e os especialistas en compostaxe que, a parte das funcións de sostemento e xestión da compostaxe local en todas as súas variantes, terán como funcións: asesorar, dirixir e supervisar o persoal base e colaborar na elaboración de plans de residuos, na recollida de datos e control dos procesos e nas campañas de divulgación e sensibilización do Plan Revitaliza.

Como requisitos previos deberán ter os precisos para acceder ao nivel C1 da Administración e ter superadas as probas para o acceso a estas. Alternativamente, ter superado o curso de formación específico do Plan Revitaliza sobre residuos (mínimo de 80 horas), admitíndose en substitución titulacións de calquera curso similar do sector, sempre que estea homologado e teña máis de 80 horas, das que como mínimo 50 estean dedicadas á compostaxe.

#### *Artigo 17. Técnicas e técnicos superiores*

Terán como funcións a organización, dirección, control, valoración de resultados e calquera outra función directiva necesaria para a elaboración, posta en marcha e seguimento do Plan Revitaliza.

Como requisitos previos deberán ter os precisos para acceder aos niveis A1 ou A2 da Administración e ter superadas as probas para o acceso a estas como técnicas ou técnicos superiores en xestión de residuos baseados na compostaxe. Alternativamente, ter superado o curso de formación específico do Plan Revitaliza sobre residuos (mínimo de 80 horas), admitíndose en substitución titulacións de calquera curso similar do sector, sempre que estea homologado e teña mais de 80 horas, das que como mínimo 50 estean dedicadas á compostaxe.

#### *Artigo 18. Necesidades mínimas de persoal segundo ámbitos*

En calquera ámbito e a calquera escala, toda actuación acollida ao Plan Revitaliza deberá estar baixo supervisión e control dalgún tipo de persoal cualificado de entre os antes descritos, aínda que sexa a tempo parcial, baixo as seguintes condicións mínimas:

- Calquera ACLA ou ACLR terá que estar sempre baixo o control directo dalgunha ou dalgún mestre composteiro, aínda que sexa a tempo parcial, e sempre contando co persoal base necesario en función do volume de traballo dos centros en cuestión.



- Calquera CLRD debe estar supervisado por algunha ou algún mestre composteiro, controlando a ONG coa que se teña algún convenio en vigor ou directamente.
- Calquera concello de menos de 5.000 habitantes que opte pola aplicación universal da compostaxe local no seu territorio deberá contar cunha ou cun mestre composteiro, aínda que sexa compartido a tempo parcial, e do persoal base precisado segundo as necesidades.
- Calquera concello de entre 5.000 e 50.000 habitantes que opte pola aplicación universal da compostaxe local no seu territorio deberá dispoñer de, como mínimo, unha ou un mestre composteiro propio a tempo total, e do persoal base necesario segundo necesidades.
- No caso de concellos con mais de 50.000 habitantes, deberán dispoñer dun técnico superior a tempo total, mais do número de mestras e mestres composteiros e de persoal base que sexan necesarios segundo o grado de implantación en cada momento.

#### *CAPÍTULO V. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS COMPOSTEIROS*

##### *Artigo 19. Xeneralidades*

Todos os composteiros utilizados no Plan Revitaliza deberán estar deseñados de xeito que sirvan correctamente para as súas funcións de compostaxe, en particular (non exhaustivamente): robustez, estabilidade, durabilidade fronte á intemperie e á reiteración das operativas comúns de uso, facilidade de carga, facilidade de actuación sobre o material en proceso, facilidade de descarga, estanqueidade para líquidos e sólidos, permeabilidade para gases, capacidade de aireación, evitación de acceso de aves, roedores etc.

En xeral, deberán estar homologados, podendo facerse excepción desta condición de xeito xustificado e só no caso de que non existan coas características necesarias. Tamén se aceptarán adaptacións de composteiros homologados.

##### *Artigo 20. Características dos composteiros de fluxo vertical (CFV) descendente*

Os do tipo 1a (ver artigo 6) instalaranse ao aire libre no exterior, en superficie plana horizontal sobre terreo natural filtrante (céspede, terra ou similar), tomando sempre a precaución de que a súa cota estea lixeiramente superior á da súa contorna circundante coa finalidade de prever ocasionais inundacións por choivas, preferibelmente en zonas con sombra (árbores ou similar).

A súa tapa superior debe ser de doada apertura e peche para facilitar as operacións de carga e remexido. Estando pechada debe impedir a entrada de líquidos (choiva) desde o exterior e o sistema de peche impedir eventuais aperturas involuntarias (por vento ou similar). Valórase moi positivamente que o material do que estea feita a tapa sexa permeable aos gases (CO<sub>2</sub>, vapor de auga, O<sub>2</sub> etc.).



Unha vez montado, as caras interiores das súas paredes laterais deben estar preferibelmente en anticlinal para dificultar calquera abovedamento do material en proceso no seu interior. Deben ademais permitir unha doada apertura lateral (dos catro, ou polo menos dun dos lados) en aproximadamente o seu terzo (ou cuarto) inferior, para a extracción do material xa procesado.

A súa altura total unha vez montado non debería ser inferior aos 80 nin superior aos 120 cm, e o seu volume total debería estar comprendido entre, aproximadamente, os 300 e os 1.000 litros (ver detalles concretos no Anexo V).

Os do tipo 1b axústanse aproximadamente ás mesmas dimensións e características xerais que os 1a, sendo a súa diferenza principal ter pechada a súa base para poderen ser utilizados sobre superficies non filtrantes (tipo terraza, azotea, ou similar). Deben dispoñer neste caso dos dispositivos adecuados para unha cómoda e correcta xestión dos posibles lixiviados.

#### *Artigo 21. Características dos composteiros modulares horizontais (CMH)*

Deberán colocarse en terreo natural percolante (terra, céspede ou similar) sobre unha base sobradamente resistente para a carga prevista, perfectamente plana e preferiblemente horizontal (dunha pendente máxima aconsellada do 3 %). Esta base debe ser filtrante, coa superficie suficiente como para permitir espazos laterais transitables todo ao redor do CMH que se pense instalar e estar disposta sempre nunha cota superior á do terreo circundante para evitar eventuais inundacións por chuvia ou equivalente.

Os CMH serán de tipo modular secuencial (módulos cúbicos de 1.000 litros), en agrupacións desde un mínimo de 3 módulos (en liña) ata un máximo de 10 (ver detalles no artigo 28 e no Anexo III). As paredes laterais serán facilmente removibles para facilitar as trasfegas do material en proceso entre módulos e as tapas, e estando pechadas deben impedir a entrada de líquidos desde o exterior (chuvia ou similar), pero valorarase que permitan a evacuación dos condensados desde o interior (ver detalles no artigo 28 e no Anexo III).

### *CAPÍTULO VI. CONTROL DO PROCESO DE COMPOSTAXE*

#### *Artigo 22. Principios xerais do control*

Todas as variantes da compostaxe local no Plan Revitaliza deben estar sometidas a uns controis suficientes para garantir a trazabilidade do proceso e a calidade do produto. Estes controis atinxen todas as fases do proceso, desde a información/formación das e dos participantes, o seguimento e control dos parámetros da compostaxe etc., ata o control analítico do compost obtido e o seu destino final. Todo o conxunto debe estar supervisado e controlado por persoal Revitaliza de cualificación, como mínimo, media (mestras e mestres composteiros) ou superior (técnicas e técnicas superiores) nos casos en que fose preciso.



*Control da información e formación das e dos participantes*

Unha información previa, de calidade, completa, precisa e unificada nos seus termos de cara a todos os participantes resulta vital no Plan Revitaliza. Esta información previa debe conter, aínda que sexa de xeito moi resumido e sintético, os aspectos estratéxicos básicos do Plan Revitaliza, para centrarse seguidamente nos aspectos operativos concretos.

A información debe manterse de xeito recorrente e continuado ao longo do tempo, replicándoa cunha periodicidade decrecente a medida que avance a implantación.

Paralelamente á información discorrerá a formación, que será eminentemente práctica, concreta e moi especificamente enfocada, cara á compostaxe local restrinxida domiciliaria (CLRD) por unha banda e cara a todos os restantes casos (ACLR e ACLA) pola outra.

No caso da domiciliaria a formación centrarase na técnica operativa e no control dos parámetros de proceso adecuados aos composteiros de fluxo vertical (CFV), en tanto que nos restantes casos se centrará nos composteiros modulares horizontais (CMH) nas súas variantes.

A formación nos CLRD correrá, ben a cargo das e dos mestres composteiros, ben a cargo das organizacións sen ánimo de lucro coas que se subscribise un convenio de colaboración, e poderá constar en formacións individualizadas a domicilio ou en colectivas a pequenos grupos.

A formación nos restantes casos correrá a cargo dos de dos mestres composteiros, coa axuda do persoal base xa formado, e operará preferentemente de cara a grupos pequenos e medianos.

Control da formación do persoal base (ver Artigo 15)

Control da formación do persoal medio (mestras e mestres composteiros) e técnico superior (ver artigos 16 e 17)

Control dos parámetros de proceso e do produto final (compost) (ver artigos 23, 24 e 25)

Control do destino/uso do compost (ver artigos 30 e 31)

*Artigo 23. Controis na compostaxe local restrinxida (ou de achega restrinxida)*

Os controis serán de tres tipos:

- O primeiro sobre as cantidades (masa, ou volume) e calidades (nivel de impropios) das achegas, así como das evolucións nas volumes dos materiais nas diferentes fases do proceso e finalmente a cuantificación dos produtos finais (compost peneirado e fracción grosa recirculante) obtidos.
- O segundo sobre os parámetros de control do proceso da compostaxe.
- O terceiro sobre as calidades do compost final, vía as diferentes analíticas (ver artigo 25 e Anexo IV).

En todas as variantes de achega restrinxida os tres tipos de controis resultan de doada realización ao estar os achegadores perfectamente definidos e identificados.



Os controis do primeiro tipo son basicamente:

- Masa (ou volume) dos biorresiduos achegados
- Detección, retirada e cuantificación dos impropios
- Volume do estruturante consumido
- Consumo de auga de rego (volume)
- Rexistro dos niveis do material en proceso nos diferentes módulos
- Masa (ou volume) do produto finalizado, do compost peneirado e do recirculante

Os controis do segundo tipo son basicamente:

- Temperatura (cuantitativo) do material en proceso nas diferentes fases
- Humidade (cualitativo) do material en proceso nas diferentes fases
- Detección (cualitativa/cuantitativa) de olores e determinación (cualitativa) estes
- Seguimento de aspectos visibles (color, textura, compactación etc.)
- Detección e cuantificación (se fose posible) doutros factores (moscas, larvas, roedores etc.)
- Eventualmente, medida de niveis de oxíxeno intersticial (oxímetro de campo)

Par os controis do terceiro tipo ver o Artigo 25 e o Anexo IV.

#### *Artigo 24. Controis na Compostaxe Local Aberta (ou de achega aberta)*

A compostaxe local de achega aberta leva a principal dificultade de cara á trazabilidade do proceso no que atinxe ao control de achega de materiais, aínda que non así de cara ao seguimento e control dos parámetros de proceso, que non presenta ningún problema adicional.

A citada dificultade vén asociada xustamente co feito da total liberdade nas achegas dos biorresiduos polas persoas participantes, feito que, por outra banda, lle confire unha gran potencia de actuación a esta variante ao permitir achegas in itinere, moi frecuentes nun tecido urbano e/ou periurbano.

Aos controis xa citados para os casos de achegas restrinxidas, todos eles aplicables aquí, introdúcese neste caso un control indirecto adicional consistente nun seguimento mais continuo e rigoroso das minguas nos depósitos do estruturante. Dese control da mingua do estruturante pódense deducir as achegas realizadas de biorresiduos, dedución que pode ser parcialmente corroborada por un seguimento específico do enchido do módulo de achega en cada período.

#### *Artigo 25. Tipos de análises do compost e frecuencias recomendables*

Das moi variadas posibilidades de análises dispoñibles, no Plan Revitaliza considéranse os seguintes grupos delas:





1.—*Análise seguridade sanitaria (ANSS)*: na que se recollen aqueles parámetros que afecten ou poidan afectar, dun xeito directo e máis ou menos inmediato o ambiente e/ou a saúde das persoas. Céntranse na relativa presenza de certos patóxenos, en concreto e seguindo a lexislación en vigor *Escherichia coli* e *Salmonella*. Do primeiro admítese ata un máximo de 1.000 como NMP (número máis probable) de UFC (unidades formadoras de colonias), do segundo ten que darse a ausencia total nunha mostra analizada de 25 gramos.

2.—*Análise de metais pesados (ANMP)*: na que se cuantifican os 7 metais recollidos na normativa estatal en vigor (Cd, CrTotal, Cu, Hg, Ni, Pb e Zn) mais a detección/non detección do Cr+VI. Constitúen unha seguridade ambiental adicional, neste caso de tipo químico.

3.—*Análise estándar (ANE)*: na que recollen e cuantifican todos os parámetros exixibles pola actual normativa sobre compost (ver Anexo I), así como aquelas que a vaian substituindo no futuro. Contempla desde parámetros xerais (pH, CE, sólidos totais e volátiles etc.), ata agronómicos (macro e micronutrientes).

4.—*Análise da estabilidade e a madurez (ANEM)*: de entre as variadas posibilidades técnicas para avaliar a estabilidade/madurez (tipo auto-térmico, tipos respirométricos varios, tipo químico etc.), no Plan Revitaliza aconséllase a de tipo auto-térmico, chamada Rottegrade (literalmente, “autoquecemento”) polo seu baixo custo, facilidade de uso e nulo consumo de reactivos e/ou funxibles. No Plan Revitaliza recoméndase que estas se fagan con medios propios polas e polos propios mestres composteiros e/ou persoal técnico superior, unha vez provistos dos necesarios vasos Deward e demais materiais necesarios.

Para a determinación das frecuencias na realización das diferentes análises considérase que:

- As ANSS son con moito as máis importantes, dado que actuarían de modo preventivo fronte as potenciais afeccións derivadas, tanto sobre o medio como sobre as persoas. As esixencias na súa frecuencia poderían ser diminuídas en base ao historial dos datos de control e seguimento do proceso da compostaxe (particularmente polo par temperatura-tempo ao longo do proceso), dada a probada incidencia de temperaturas termófilas por dilatados períodos sobre a presenza de patóxenos no compost final.
- As ANMP resultarían complementarias das anteriores á hora de determinar os usos permitidos do compost en función dos seus valores. É un feito amplamente probado que eses valores veñen directamente predeterminados polos niveis de impropios presentes nos materiais de achega, de xeito que sempre acontece que a baixas presenzas de impropios corresponden baixos contidos en metais pesados do compost final.
- As ANE achegan unha información mais detallada sobre a calidade en xeral do compost e en particular da súa calidade agronómica.
- Por último, as ANEM do compost resultan imprescindibles á hora de garantir a mínima estabilidade esixible ao compost, segundo os usos previstos para el.

As estratexias de cálculo resultan moi diferentes segundo sexa o tipo de composteiros utilizados (CMH e CFV) ou a fase temporal do seu uso. Para obter un detalle exhaustivo das esixencias que se propoñen no Plan Revitaliza pode consultarse o Anexo IV.



Mércores, 30 de xaneiro de 2019

Núm. 21

*Artigo 26. Obrigas de información*

En cumprimento do establecido no artigo 41 da Lei 22/2011 sobre obrigas de información, no seu apartado 2 (no que establece a obriga de informar sobre os programas de prevención de residuos), así como a impulsión da liña estratéxica 2.6 do PXRUG e mentres non se aprobe unha norma que a regule, a Deputación de Pontevedra enviaralle á autoridade ambiental competente toda a información sobre prevención dispoñible.

No caso do Plan Revitaliza considérase que, como mínimo, consistirá nun informe anual obrigatorio para todos aqueles concellos nos que o sistema Revitaliza sexa de aplicación universal ou, caso de non selo, sempre que a capacidade total de todos os composteiros instalados nos centros de compostaxe do concello supere os 50 m<sup>3</sup>.

*CAPÍTULO VII. MATERIAIS DAS ACHEGAS, ESIXENCIAS DE PROCESO  
E DESTINOS DO COMPOST**Artigo 27. Calidades dos materiais e condicións nas que deben levarse a cabo  
as súas achegas na compostaxe local Revitaliza*

As achegas deben ser sempre de biorresiduos separados na orixe, que en ningún momento chegaron a estar mesturados con outro tipo de residuos e libres, ou cos mínimos posibles, de materiais improprios (inadecuados).

Por cada achega de biorresiduos, engadirase unha achega de estruturante. Por defecto nun volume similar ao do biorresiduo achegado, a non ser que se determine outra proporción máis optimizada para casos concretos. O estruturante deberá estar sempre dispoñible nas áreas de compostaxe local.

Pódese achegar calquera tipo de biorresiduos dos habitualmente considerados como municipais ou asimilables a estes, agás os legalmente clasificados como perigosos, e incluíndo os clasificados como SANDACH, sempre que estean dentro da categoría 3 destes.

Estes últimos (SANDACH categoría 3) resultan aceptables grazas as garantías de acadar perfís térmicos elevados e mantidos no tempo ao longo do proceso da compostaxe, consecuencia da aplicación das exixencias de proceso impostas no Plan Revitaliza que son citadas no Artigo 28 e detalladas no Anexo III.

*Artigo 28. Condicións de traballo e fases do proceso na compostaxe local*

As condicións e as operativas concretas de traballo para o proceso están determinadas polo tipo de composteiro utilizado. No caso do Plan Revitaliza estes redúcense unicamente a dous tipos: os composteiros modulares horizontais (CMH) e os composteiros de fluxo vertical (CFV). No Anexo III especificanse con todo detalle as operativas de cada tipo e das súas variantes.



*Artigo 29. Xestión de incidencias e anomalías*

Tanto o seguimento ordinario como os mecanismos de control da compostaxe local establecidos nesta Ordenanza teñen como obxectivo evitar ao máximo posible calquera incidencia ou anomalía e, en caso de producírense, tomar as medidas encamiñadas a corrixilas axiña, devolvendo o proceso á normalidade coa maior brevidade posible.

A relación completa e actualizada das posibles incidencias e dos mecanismos para a súa corrección quedará establecida nas instrucións internas do Servizo. Cítanse a continuación algunhas (a título ilustrativo):

- En caso de que, por erro ou calquera outro motivo, fosen achegados residuos diferentes aos autorizados (inadecuados ou impropios) nos centros de compostaxe local, unha vez detectados estes polo persoal encargado procederase á súa retirada, derivándoos preferentemente á fracción selectiva á que correspondesen ou, no seu defecto, directamente á fracción resto.
- Aínda que con materiais correctos, cando sexan detectadas anomalías por sobreachegamento ou por infraachegamento, deben ser rapidamente notificadas para que se proceda a unha nova campaña informativa/formativa.
- As anomalías que se detecten sobre un réxime térmico non axeitado (que non se acade a fase termófila ou se acade por un período insuficiente) deben ser rapidamente notificadas para determinar a causa e proceder a corrixila (sexa unha humidade inadecuada, falla de estruturante ou calquera outra).

En todos os casos o protocolo será similar, advertíndose ao persoal cualificado do Plan Revitaliza para que diagnostique e recomende (ou directamente aplique) as accións segundo os casos para corrixir as anomalías detectadas.

A dilatada experiencia acumulada sobre o terreo e a estatística dos datos recollidos no Plan Revitaliza demostra que o seguimento e controis rutineiros establecidos nesta Ordenanza constitúen garantía suficiente, facendo innecesarios análises ou controis mais sofisticados.

As anomalías relevantes deberanse facer constar no correspondente libro de cada centro local de compostaxe, cando menos nos casos nos que é obrigatoria a súa existencia.

*Artigo 30. Condicións que debe cumprir o compost procedente da compostaxe local*

O compost deberá cumprir coas determinacións legalmente fixadas para marcar a súa categoría en función delas.

Se nalgún caso no futuro non acadase as condicións para ser clasificado como compost (categorías A, B, ou C) tería a consideración e destino que lle correspondese en función das súas características: bioestabilizado ou directamente residuo.



*Artigo 31. Destino e usos do compost*

O compost procedente da compostaxe local terá como destino preferente o autoconsumo, entendéndose como autoconsumo a utilización do compost por parte das persoas físicas ou xurídicas que participan e se corresponsabilizan de calquera das variantes da compostaxe local. Dentro dos usos de autoconsumo estarían (non exhaustivamente): macetas, hortas domésticas, froiteiras, hortas urbanas, xardíns, zonas verdes, zonas arboradas ou similares etc.

Poderá tamén ser utilizado de xeito extensivo polos concellos adheridos nos xardíns e parques públicos da súa propiedade ou baixo a súa xestión.

En caso de producirse un exceso, e aínda que non sería o seu uso preferente, podería tamén destinarse a algún uso agrícola dentro da provincia, non desbotando a posibilidade de introducir nos circuitos de distribución e comercialización desta gama de produtos, sempre cumprindo con todos os requisitos necesarios e coa participación dos profesionais do sector.

Tamén poderá ser utilizado o compost en campañas de sensibilización, divulgación e promoción da compostaxe local a través do Plan Revitaliza, na plantación de árbores urbanas, na fertilización de zonas verdes públicas e similares.

*Disposición transitoria*

Os concellos que formalizasen a súa adhesión ao Plan Revitaliza nalgunha das convocatorias previas á entrada en vigor desta Ordenanza válidana automaticamente, mantendo a súa vixencia en todos os seus termos.

*Disposición final*

Esta Ordenanza, ao ser de aplicación nas actuacións non só da Deputación senón dos concellos adheridos ao Plan Revitaliza e ás persoas físicas e xurídicas participantes nelas dentro das distintas modalidades da compostaxe local, deberá ser aprobada polos respectivos concellos.

*A N E X O I*

Directiva marco de residuos UE, de 18 de novembro de 2008, e as súas modificacións, de 30 de maio de 2018

- Establece o novo marco xurídico da UE para a xestión dos residuos.
- No seu Preámbulo, indica textualmente: "...proporcionar os instrumentos que permiten dissociar a relación existente entre crecemento económico e produción de residuos, facendo especial fincapé na prevención, entendida como o conxunto de medidas adoptadas antes de que un produto se converta en residuo...".
- Xa no seu "Artigo 22. Biorresiduos; apartado a)" de 18/novembro/2008 impulsaba "a recollida separada de biorresiduos con vistas á compostaxe e a dixestión destes".
- Pero modifica severamente ese artigo na versión do 30 de maio de 2018, establecendo:



- No seu punto 1, que “os Estados membros garantirán que, a máis tardar o 31 de decembro de 2023, os biorresiduos ben se separen e reciclen en orixe ou ben se recollan de forma separada e non se mesturen con outros tipos de residuos”.
- No seu punto 2, apartado b), propón “incentivar a compostaxe doméstica”.
- Inda que continúa a considerar as compostaxes “comunitaria” e “individual” como “... actividades de reciclaxe (in situ) de residuos...”.
- Dada a importancia que se lle atribúe á prevención da xeración de residuos, inclúe un instrumento específico para o efecto: “...programas de prevención de residuos que establecen as medidas e obxectivos de prevención...”.
- Etc.

*Lei 22/2011, de 28 de xullo*

- Traspón á lexislación española os contidos da Directiva marco de residuos (na súa versión do 2008), incluíndo na súa versión consolidada de 2016 as últimas novidades, e mesmo propón cambios transcendentales nas modificacións contidas no Borrador de anteproxecto de lei de 18 de maio de 2018, especialmente no relativo ao seu artigo 24.
- Xa na primeira liña do seu texto (Artigo 1. Obxecto) di expresamente: “Esta lei ten por obxecto regular a xestión dos residuos impulsando medidas que preveñan a súa xeración...”
- No seu “Artigo 3. Definicións”, no punto h), define “prevención” en tres apartados (definición que nós asumiremos como “prevención en sentido estrito”).
- No seu “Artigo 8. Xerarquía de residuos”, no seu punto 1 marca a prevención como a primeira prioridade nun listado de 5 posibles.
- No seu “Artigo 9. Autosuficiencia e proximidade”, no seu punto 2 aposta pola “... valoración dos residuos nas instalacións adecuadas máis próximas...”.
- No seu “Artigo 12. Competencias administrativas”, no 1.º apartado do seu punto 5.c), expresa que “as entidades locais poderán elaborar programas de prevención e de xestión dos residuos da súa competencia”.
- No seu “Artigo 14. Plans e programas de xestión de residuos”, no seu punto 4 expresa que “na elaboración dos plans e programas de xestión de residuos valoraranse aquelas medidas que incidan de forma significativa na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro”.
- No seu “Artigo 15. Programas de prevención de residuos”, no seu punto 1, entre outras cousas expresa que “...se encamiñarán a lograr a redución do peso dos residuos producidos en 2020 nun 10 % con respecto aos xerados en 2010”.
- No seu “Artigo 16. Medidas e instrumentos económicos”, no seu punto 1 expresa que “as autoridades competentes poderán establecer medidas económicas, financeiras e fiscais para fomentar a prevención da xeración de residuos”.



- No seu “Artigo 17. Obrigas do produtor ou outro posuidor inicial relativas á xestión dos seus residuos”, no seu punto 1.a) expresa que o produtor estará obrigado a “realizar o tratamento dos residuos por si mesmo”, e no seu punto 8 di que “a responsabilidade dos produtores dos residuos domésticos e comerciais conclúe logo de entregados nos termos previstos nas ordenanzas locais e no resto da normativa aplicable”.
- NOTA: os seus artigos 22 e 24 atópanse en fase de reforma para a súa adaptación ás novidades xurdidas a partir de maio de 2018.
- No seu “Artigo 28. Exencións dos requisitos de autorización”, no seu punto 1 expresa que “poderán quedar exentas de autorización as entidades ou empresas que leven a cabo a eliminación dos seus propios residuos non perigosos no lugar de produción ou que valoricen residuos non perigosos”.
- No seu “Artigo 32. Xestión de residuos no marco da responsabilidade ampliada do produtor do produto”, no seu punto 2 expresa que “os produtores que opten por un sistema individual deberán presentar unha comunicación previa ao inicio das actividades”.
- Na súa “Disposición transitoria segunda. Ordenanzas de entidades locais” indica un prazo máximo de 2 anos desde a entrada en vigor da lei para que as entidades locais aproben as ordenanzas previstas no artigo 12.
- Por último, no seu Anexo IX describe expresamente o “contido mínimo da comunicación dos sistemas individuais de responsabilidade ampliada”.

Resolución do Goberno vasco, de 6 de xuño de 2018, para o Proxecto de Orde que estableza o réxime xurídico e as condicións técnicas da compostaxe comunitaria:

- Baixo o termo “compostaxe de cercanía” contempla tan só de tipo “comunitario”.
- Ningún dos seus artigos presenta esixencias superiores ás contempladas polos seus equivalentes na proposta da Ordenanza Revitaliza, agás a consideración xeneralizada como prevención (nun sentido amplo) de todo tipo do “compostaxe de cercanía”, sen matices.
- Mais resulta excesivamente limitante no que afecta aos residuos admisibles: Artigo 7, coas únicas admisións dos códigos LER: 200108 e 200202 e tamén para os usos permitidos do compost: Artigo 10.1c), artigo 13.1, mais a Disposición Adicional única, apartado b).

JORF número 0095, do 24 de abril de 2018. Texto número 17: sentenza do 9 de abril de 2018, na que se fixan as disposicións técnicas nacionais relativas ao emprego de subprodutos animais e de produtos seus derivados nunha fábrica de produción de biogas, nunha fábrica de compostaxe ou na compostaxe próxima, e mais ao emprego de estrume. NOR.: AGRGNOR: AGRG1809743A:

- Contémplanse aspectos relativos a normativas e a excepcións sobre algunhas disposicións dos “Regulamentos (CE) núm. 1069/2009 e (UE) núm. 142/2011” para: “uso de xurros, conversión de subprodutos animais en biogás, ou en compost, así como condicións sanitarias mínimas para a compostaxe local”.



- Introduce o termo “compostaxe local”, que nós adoptamos, aínda que tamén utiliza o de “compostaxe de proximidade”.
- No seu “Artigo 13.I (Título III, Capítulo II)” contempla condicións esixibles ao par temperatura/tempo para o proceso da compostaxe.
- No seu “Artigo 13.II (Título III, Capítulo II)” relaciónanse os materiais permitidos para compostaxe (categoría 2 e categoría 3, coas súas excepcións).
- Pero é no seu “Título IV. Disposicións relativas á compostaxe de proximidade” onde centra os aspectos máis relevantes, concretamente:
- No seu Artigo 17, no que:
  - Define compostaxe local, textualmente como: “...levado a cabo no sitio (no punto de partida) e para uso local. Por uso local referímonos a unha valoración na intercomunalidade (ou municipios) e as comunidades limítrofes”.
  - Indica explicitamente que “non se refire a instalacións individuais de compostaxe doméstica”.
  - E si a: “compostaxe local, coñecida como compartida, que comprende persoas e/ou comunidades, produtores de refugалlos de cociña e mesa”.
  - E tamén se refire á “compostaxe local, coñecida como establecemento autónomo, presente nun establecemento produtor de refugалlos de cociña e de mesa”.
  - No seu Artigo 18:
    - Defínese textualmente como “operador” a “...persoa física ou xurídica designada como responsable do bo manexo do sitio...”.
    - E indícase textualmente que “...o lugar da compostaxe local está exento da aprobación desta actividade, así como do rexistro...”.
- No seu Artigo 19 indícase textualmente que “a cantidade máxima semanal de refugалlos de cociña e mesa producidos e procesados no sitio non exceda 1 tonelada”.
- No seu Artigo 20 indícase textualmente que “os materiais compostados están destinados a ser utilizados”:
  - “Ben sexa polos produtores de cociña e mesa ou polo agricultor (punto de partida) para o seu propio uso, baixo a responsabilidade do agricultor, sen ningunha restrición adicional, para uso directo dentro ou fóra do solo, incluso para actividades de xardinería”.
  - “Ou despois da transferencia a un terceiro, de forma gratuíta ou a cambio de pago...”.
- Por último, no seu Artigo 21 textualmente di: “a pesar do disposto no Artigo 17, se excepcionalmente as cantidades producidas de compost exceden as cantidades que poden utilizarse localmente, as cantidades en exceso poderán enviarse a un establecemento autorizado, de conformidade co Regulamento (CE) núm. 1069/2009, situado no territorio nacional e aplicando todos os requisitos necesarios para colocar a súa produción no mercado europeo”.



*Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020 (páx. 103 e seguintes).*

## *LIÑA ESTRATÉXICA 2: PREVENCIÓN DE RESIDUOS*

### *2.6 Fomento da autocompostaxe*

#### *Descrición da actuación*

A autocompostaxe, ademais de ser unha medida práctica e efectiva de evitar os residuos, ten outras vantaxes como:

- Reduce as necesidades de transporte de residuos, aspecto especialmente interesante en zonas rurais dispersas.
- Achega o ciclo de vida do «recurso-residuo-recurso» ao xerador do residuo e usuario do produto reciclado, e deste xeito aumenta a conciencia ambiental e mellora a calidade do produto final que se obtén.
- Permite vincular a compostaxe coa posibilidade de potenciar a eficacia do metabolismo urbano mediante a creación de hortas urbanas e escolares nas que participan persoas maiores, centros escolares etc., engadindo beneficios culturais e sociais á xestión de residuos.

Existen diferentes formas de promoción da compostaxe caseira, especialmente en función do tipo de territorio e de vivenda e, aínda que se recomenda a tutela da administración en todas elas, para aplicalas preséntanse as seguintes propostas:

- Promoción da compostaxe individual, especialmente para zonas dispersas e zonas con vivendas unifamiliares que dispoñan de zonas verdes e axardinadas onde aplicar o compost e de onde obter fracción vexetal.
- Promoción da compostaxe individual ou comunitaria en núcleos urbanos consolidados vinculados a hortas urbanas, zonas verdes comunitarias etc.
- Promoción da compostaxe comunitaria en zonas rurais, a partir da organización local de proxectos específicos.
- Compostaxe en centros educativos, centros cívicos etc.

Esta promoción da autocompostaxe estará vinculada a iniciar unha liña de subvencións dirixida ás entidades locais para a implantación da compostaxe individual e comunitaria

#### *Temporalidade*

Todo o período de execución do Plan.

#### *Acción inmediata*

Seguir coa adxudicación desta liña de axudas e adaptala aos requirimentos do novo escenario de xestión.





*A N E X O II*

*Exemplo 1:* unha familia que compostase os seus biorresiduos nun composteiro tipo fluxo vertical de espazo único colocado dentro do seu terreo privado, na nova óptica desenvolvida nesta Ordenanza entraría na “compostaxe local restrinxida”, en principio sen conflito conceptual coa anterior tradicional clasificación de “autocompostaxe individual”, agás polos cambios terminolóxicos coa substitución de “autocompostaxe” por “compostaxe local” e “individual” por “restrinxido”.

*Exemplo 2:* uns veciños que habitasen zonas urbanas ou periurbanas e compostasen os seus biorresiduos nun composteiro común de libre acceso, tipo modular de fluxo horizontal, situado no espazo público próximo, na nova óptica desenvolvida nesta Ordenanza sería unha “compostaxe local aberta”, de novo sen conflito conceptual (agás na terminoloxía) coa anterior tradicional clasificación de “autocompostaxe comunitaria”.

*Exemplo 3:* un gran restaurante (ou un hotel con comedor, ou un colexio con comedor etc.) que compostase os seus biorresiduos nun composteiro tipo modular de fluxo horizontal, colocado dentro dun terreo privado, delimitado e pechado, da súa propiedade, na nova óptica desenvolvida nesta Ordenanza sería unha “compostaxe local restrinxida”. Isto xa entraría en conflito conceptual coa anterior tradicional clasificación de “autocompostaxe individual”, pois nela asóciase con “pequena”, cando resulta evidente que sería “grande” (sen conflito con ser “restrinxida” na nova idea clasificatoria).

*Exemplo 4:* unha cociña ou comedor universitario que compostase os seus biorresiduos nun composteiro tipo modular de fluxo horizontal de acceso non libre, colocado nos terreos próximos circundantes do espazo público do campus, na nova óptica desenvolvida nesta Ordenanza sería unha “compostaxe local restrinxida”, novamente en contradición coa anterior clasificación tradicional de “autocompostaxe individual” e, polo tanto, “pequena”, e incluso posiblemente tamén coa tradicional de “autocompostaxe” ao estar ocupando un espazo público alleo.

*Exemplo 5:* unha comunidade de propietarios con división horizontal (a tradicional urbanización) que compostase os seus biorresiduos nun composteiro tipo modular de fluxo horizontal colocado no terreo da súa propiedade, delimitado e pechado, na nova óptica desenvolvida nesta Ordenanza realizaría unha “compostaxe local restrinxida”, de novo en contradición coa anterior clasificación tradicional de “individual”, e tamén coa de “pequena”.

*Exemplo 6:* Unha organización social do estilo das tradicionais sociedades recreativas, círculos mercantís, clubs de campo etc., que compostase os seus biorresiduos nun composteiro tipo modular de fluxo horizontal colocado dentro do terreo da súa propiedade, delimitado e pechado, na nova óptica desenvolvida nesta Ordenanza sería unha “compostaxe local restrinxida, en conflito coa anterior clasificación tradicional de “individual”, de “pequena” e seguramente tamén coa de “autocompostaxe”, dado que o composteiro resultaría accesible para a achega dos seus biorresiduos por parte dos eventuais visitantes externos ao recinto.



*A N E X O III*

*Operativa nos CMH:* traballarase sempre en tres fases secuenciais (con dúas operacións de trasfega entre elas): A 1.<sup>a</sup> fase de achega/descomposición primaria, a 2.<sup>a</sup> de descomposición secundaria/inicio da maduración e a 3.<sup>a</sup> de maduración, que presentan certas variantes operativas en función do número total de módulos por CMH que se teñan. En todas as variantes o elemento tecnoloxicamente transcendente é que sempre debe acontecer que os materiais procedentes de dúas achegas completas sucesivas do módulo 1.<sup>o</sup> conflúan no módulo 3.<sup>o</sup> sen problema de cabida nel.

*CMH de 3 módulos:*

- Os tres módulos sempre se dispoñen en liña (paralelepípedo rectangular de 3 x 1 m) e tan só se pode achegar material ao proceso por un dos extremos (un único módulo de achega), que estará convenientemente sinalado e será sempre de acceso aberto, mentres que os outros dous serán sempre de acceso restrinxido.
- Na 1.<sup>a</sup> fase, de achega/descomposición primaria, procederase en capas sucesivas de mestura FORM/estruturante (1/1; V/V) que serán frecuente e periodicamente remexidas entre elas cunha profundidade de remexido aproximada de entre uns 30 e 40 cm, tomándose a temperatura en 3 puntos (na diagonal) e en 3 profundidades (a partir de que sexa posible segundo o enchido) e controlando a humidade do material en proceso.
- Acadado o enchido (aconséllase non mais do 70 %), procédese á trasfega do material ao 2.<sup>o</sup> módulo. Aproveitase esta operación para corrixir a humidade, se fose preciso.
- Na 2.<sup>a</sup> fase (descomposición secundaria/inicio da maduración) procederase a remexidos xa moito mais espazados no tempo, pero coa maior profundidade posible. Tomarase a temperatura do mesmo xeito e coa mesma frecuencia que na fase 1.<sup>a</sup>.
- O momento no que se deba trasfegar o material da seguinte carga do módulo 1.<sup>o</sup>, estase obrigado á previa trasfega do material deste 2.<sup>o</sup> módulo ata o 3.<sup>o</sup>. Aproveitase esta operación para corrixir a humidade, se fose preciso.
- Na 3.<sup>a</sup> fase (maduración final) procederase a remexidos xa moi espazados no tempo (ou incluso sen remexidos), pero igualmente tomarase a temperatura nas mesmas posicións e coa mesma frecuencia que nas fases 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup>.
- Os tempos e ritmo das fases no método de traballo descrito están deseñados e calibrados para que, cando deba procederse á segunda trasfega de material ao módulo 3.<sup>o</sup>, aconteza que a totalidade do material (dúas trasfegas) entre sen problemas nel.
- Chegado o momento procederase ao baleirado do material do módulo 3.<sup>o</sup>, que pasa a ser peneirado. A fracción grosa resultante do peneirado é recirculada á cabeza do proceso como estruturante secundario e a fracción fina (compost) ao uso que se determine.
- O proceso repítese coa mesma secuencia, sucesivamente e sen solución de continuidade.



*CMH de 6 módulos:*

- Os 6 módulos están sempre dispostos de modo compacto en dúas liñas de 3 módulos (liñas A e B) lateralmente unidas entre si (paralelepípedo rectangular de 3x2 m). Tan só se poderá achegar material polos extremos (dous módulos de achega), de acceso aberto alternativo e convenientemente sinalados, mentres que os restantes catro módulos permanecerán sempre co acceso restrinxido.
- A única diferenza operativa con respecto ao indicado para os CMH de 3 módulos vén como consecuencia de que aquí se dispón de dous módulos de achega. Iso fai que non sexa estritamente obrigatoria a trasfega do primeiro destes módulos de achega (unha vez cheo) ata a 2.<sup>a</sup> fase ao quedar dispoñible outro.
- O 1.<sup>o</sup> módulo de achega (cheo) pasa así a acceso restrinxido mentres se vai enchendo o 2.<sup>o</sup>, quedando nun período de “clausura temporal” no que recibe eventuais e espazados remexidos, pero tomándose a temperatura nas mesmas posicións e coa mesma frecuencia.
- No período de “clausura temporal” acontece unha diminución de volume do seu material que, retroactivamente, permite que o nivel de enchido inicial poida ser maior (aconséllase non mais do 85 %).
- Respectando as citadas alternancias, as secuencias de fases de traballo reproducen as indicadas para as CMH de 3 módulos antes descritas.

*CMH de 5 módulos:*

- Os 5 módulos estarán sempre dispostos en liña (paralelepípedo rectangular de 5 x 1 m), podéndose achegar material por ambos extremos (dous módulos de achega), convenientemente sinalados con acceso aberto alternativo, mentres que os restantes tres módulos permanecerán sempre de acceso restrinxido.
- O enchido dos módulos de achega farase de igual xeito que o indicado para os CMH de 3 ou 6 módulos, sempre alternándose entre os dous dispoñibles.
- Ao haber 2 módulos de achega os seus enchidos poden facerse de ata o 85 %, polas mesmas razóns que no caso das CMH de 6 módulos.
- As trasfegas iranse producindo de xeito alternativo cara ao módulo central, no que deben sucesivamente caber a suma de materiais resultantes das cargas dos dous módulos de achega.
- As secuencias de fases de traballo reproducen as indicadas para as CMH de 3 e 6 módulos antes descritas.

*CMH de 10 módulos:*

- Os 10 módulos están sempre dispostos de modo compacto en dúas liñas de 5 módulos (liñas A e B) lateralmente unidas entre si (paralelepípedo rectangular de 5 x 2 m). Poderase achegar material polos dous extremos (catro módulos de achega), convenientemente sinalados e de acceso aberto sucesivo, permanecendo os restantes oito sempre de acceso restrinxido.



- Ao dispoñerse de 4 módulos de achega os períodos de “clausura temporal” dilátanse, de xeito que xa permite enchidos iniciais destes de ata o 95 %.
- As secuencias de enchido dos módulos de achega farase sempre de xeito circular, empezando por un dos extremos dunha das liñas, pasándose ao outro extremo da mesma liña e continuándose a rotación de enchidos nese sentido e sucesivamente.
- Respectando as citadas alternancias rotatorias, as secuencias de fases de traballo reproducirán as indicadas para as CMH de 5 módulos antes descritas.

*Operativa nos CFV: aquí dispónse dun único espazo e polo tanto haberá tan só unha fase operativa diferenciada.*

- A achega dos materias farase sempre pola boca superior, en capas sucesivas que irán medrando cara arriba ata o enchido total do espazo dispoñible, momento a partir do que deberán iniciarse as retiradas do material maduro pola parte inferior, sempre alternadas coas achegas pola superior e así sucesivamente.
- O enchido do CFV é consecuencia directa de tres factores combinados: o fluxo (caudal) de achega dos biorresiduos (mais o estruturante), do volume do CFV e das minguas no volume da mestura polos propios procesos (físico e bioquímico).
- A proporción entre os tres citados factores debe ser tal que o tempo de proceso resultante garanta que o material que se retira pola parte inferior estea xa minimamente maduro (Rottegrade III-IV). En caso contrario debe procederse a aumentalo volume dispoñible ata acadalo.
- De cara a aumentar o volume dispoñible, por cuestións de proceso (basicamente por inercia térmica) é preferible aumentar o tamaño do CFV (máximo aconsellable: uns 1.000 litros) que non aumentar o número de CFV (máximo aconsellable: 3 unidades).
- Por cada volume de achega de biorresiduos aconséllase un mínimo de medio volume de material complementario (estruturante). En caso de que os biorresiduos fosen maioritariamente de tipo proteínico e/ou graxo (restos de carne, restos de peixe etc.) poderase aumentar a proporción de estruturante ata 1:1, ou incluso mais se fose necesario.
- Aconséllase proceder a remexidos sucesivos por capas, tanto mais intensos e frecuentes canto máis abaixo se estea (fases iniciais no proceso de enchido) e corrixindo a humidade (rega) no que precise ata acadar o enchido total do CFV. A partir do enchido xa só se poderá remexer e corrixir a humidade nas capas superiores.
- É imprescindible ter sempre fincado na masa en proceso un termómetro (que puntualmente se retirará para as achegas, remexidos e regas) co seu extremo sensible situado aproximadamente a media altura do material en proceso. Aconséllase ir anotando e levando rexistro das temperaturas acadadas.
- Opcionalmente, en función do uso do produto e intencións do usuario, poderá procederse ao peneirado do produto final.



*A N E X O IV**Cráterios**Para os CMH*

- No núm. de CMH en cada área de compostaxe local
- No núm. de UMC por cada CMH (3, 6, 5 ou 10)
- Nos lotes de cada CMH
- No período temporal de actividade: 1.º ano e seguintes

*Para os CFV*

- Nunha norma estatística sobre o número total de CFV presentes
- No período temporal de actividade: 1.º ano, 2.º ano e restantes anos

Pola aplicación dos citados criterios e segundo os cálculos dos que se amosan (só a modo ilustrativo) algúns detalles nos cadros ao final deste Anexo, resulta:

*1. Composteiros modulares horizontais (CMH)**1.1. Análises de seguridade sanitaria (ANSS)*

- 1.º ano:
  - 1 por cada lote
- Restantes anos:
  - 1 por cada 3 lotes

*1.2. Análises de metais pesados (ANMP)*

- 1.º ano:
  - 1 por cada 6 lotes para os de 3, ou 6 UMC
  - 2 por cada 4 lotes para os de 5, ou 10 UMC
- Restantes anos:
  - 1 por cada 30 lotes para os de 3, ou 6 UMC
  - 1 por cada 16 lotes para os de 5, ou 10 UMC

*1.3. Análises estándar (ANS)*

- 1.º ano:
  - 1 por cada 3 lotes para os de 3, ou 6 UMC
  - 2 por cada 2 lotes para os de 5, ou 10 UMC
- Restantes anos:
  - 1 por cada 12 lotes para os de 3, ou 6 UMC
  - 1 por cada 8 lotes para os de 5, ou 10 UMC



Mércores, 30 de xaneiro de 2019

Núm. 21

#### *1.4. Análises de estabilidade e maduración (ANEM)*

- 1.º ano:
  - 1 por cada 2 lotes
- Restantes anos:
  - 2 por cada 6 lotes

#### *2. Composteiros de fluxo vertical (CFV)*

##### *2.1. Análises de seguridade sanitaria (ANSS)*

- 1.º ano:  $\approx 1$  por cada 100 unidades
- 2.º ano:  $\approx 1$  por cada 300 unidades
- Resto de anos:  $\approx 1$  por cada 1.000 unidades

##### *2.2. Análises de metais pesados (ANMP)*

- 1.º ano:  $\approx 1$  por cada 500 unidades
- 2.º ano:  $\approx 1$  por cada 1.500 unidades
- Resto de anos:  $\approx 1$  por cada 5.000 unidades

##### *2.2. Análises estándar (ANE)*

- 1.º ano:  $\approx 1$  por cada 500 unidades
- 2.º ano:  $\approx 1$  por cada 1.500 unidades
- Resto de anos:  $\approx 1$  por cada 5.000 unidades

##### *2.3. Análises de estabilidade e maduración (ANEM)*

- 1.º ano:  $\approx 1$  por cada 500 unidades
- 2.º ano:  $\approx 1$  por cada 1.500 unidades
- Resto de anos:  $\approx 1$  por cada 5.000 unidades



Mércores, 30 de xaneiro de 2019

Núm. 21

*A N E X O V*

Por cuestións de facilidade de acceso e manexo, de evitar posibles abovedamentos do material no interior e de acadar as mínimas garantías de inercia térmica, os CFV deberán axustarse aos límites físicos que se establecen no seguinte cadro:

<b>CFV</b>	<b>Mínimo</b>	<b>Máximo</b>
<b>Alto</b> <sup>cm</sup>	80,0	120,0
<b>Ancho</b> <sub>boca</sub> <sup>cm</sup>	60,0	85,0
<b>Profundo</b> <sub>boca</sub> <sup>cm</sup>	60,0	85,0
<b>Superficie</b> <sub>boca</sub> <sup>cm<sup>2</sup></sup>	3.600	7.225
<b>Ancho</b> <sub>boca</sub> <sup>cm</sup>	70,0	100,0
<b>Profundo</b> <sub>boca</sub> <sup>cm</sup>	70,0	100,0
<b>Superficie</b> <sub>boca</sub> <sup>cm<sup>2</sup></sup>	4.900	10.000
<b>Volume</b> <sup>litros</sup>	<b>340</b>	<b>1.034</b>

Admitiranse alternativas varias para as formas (cadradas) propostas para boca e fondo, por exemplo rectangulares, circulares, ou outras, sempre e cando as súas superficies resultantes para boca e fondo se axustan aos límites marcados no cadro.

Por cuestións operativas, para as alturas aconséllase respectar os límites indicados.”

Contra o presente acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Pontevedra, 21 de xaneiro de 2019.—O VICEPRESIDENTE E DEPUTADO DELEGADO DO PLAN REVITALIZA, César Mosquera Lorenzo.—O SECRETARIO, Carlos Cuadrado Romay.

